

CONCURSO MARIE THARP 2023

Bases do concurso



CONCURSO MARIE THARP 2023

A comisión de Igualdade do Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo (CIM) convoca a 2ª Edición do premio "Marie Tharp", dirixido a **mulleres investigadoras** vinculadas ao CIM en fase predoutoral ou posdoutoral junior.

O premio recibe o nome da **cartógrafa oceanográfica e xeóloga mariña Marie Tharp**, coautora do primeiro mapamundi do relevo submarino. A súa cartografía da dorsal mesoatlántica e doutros trazos fisiográficos submarinos singulares contribuíron significativamente á demostración da teoría da tectónica de placas e a deriva continental.

O premio consta de dúas **categorías: predoutoral, e posdoutoral junior**. Este está dotado con **1000 euros por categoría** para adquisición de material informático ou o pagamento da asistencia a un congreso nacional ou internacional polo mesmo importe.

FORMATO: Vídeo

O vídeo deberá ter unha **duración máxima dun minuto e será gravado en formato horizontal** (apaisado), en galego (preferentemente) ou castelán. O contido debe ser comprensible para persoas non especialistas na materia, polo que se debe evitar o uso de tecnicismos ou conceptos complexos.

O inicio do vídeo debe ser un plano frontal no que a investigadora se presente ("Ola, chámome xxxxx e traballo no CIM investigando en xxxxx"). A continuación, deberá contar brevemente e de forma sinxela en que traballa e cal é o motivo / obxectivos / plan de traballo (en caso de estar no inicio da investigación) / resultados ou impacto da súa investigación.

O formato do vídeo será libre, podendo ter calquera tipo de plano, un ou varios planos, unha ou máis persoas, usar soportes ou recursos narrativos (power point, material de laboratorio, stop motion, etc.). Poderá gravarse en interior ou en exterior, tentando minimizar en todos os casos o ruído, para o que se pode gravar nunha habitación amoblada para evitar o eco, ou no exterior sen vento ou cun micrófono para vento. Do mesmo xeito, pode facerse unha edición ou montaxe posterior ou deixalo tal como foi gravado.

PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

Se estás interesada en presentarte ao premio, envía unha ligazón (OneDrive, WeTransfer, etc.) para descargar o teu vídeo a **cim@uvigo.es** antes do ~~xoves 18 de xaneiro de 2024, ás 13:00h~~ **AMPLIADO ATA O 25 DE XANEIRO DE 2024 ÁS 13 H!!!**

Na categoría de investigadoras predoutorais, o vídeo debe ser enviado antes da defensa da tese e as investigadoras deben estar matriculadas nun programa de doutoramento da Universidade de Vigo no curso 2023-2024. Na categoría posdoutoral, as participantes deben ter presentado a súa tese entre agosto de 2018 e setembro de 2023, ampliándose o prazo nun ano por fillo/a nado/a.

As finalistas deberán acreditar a súa pertenza á categoría á que se presentaron e o cumprimento dos requisitos (matrícula / título de doutora e libro de familia en caso de ser necesario).

AVALIACIÓN


O comité de avaliación, formado por integrantes da Comisión de Igualdade do CIM, fará unha valoración das propostas recibidas e seleccionará unha gañadora por categoría. Valorarase como se transmite a profesión e como se explica o traballo, puntuando positivamente unha mensaxe amena e comprensible por persoal non especialista na materia. Valorarase unicamente o contido do vídeo, non a traxectoria profesional da persoa (CV, publicacións, etc.).

Descualificaranse todos os vídeos dunha duración maior de 1 minuto e 30 segundos.

CAMPAÑA DE DIFUSIÓN

Todos os vídeos enviados ao concurso publicaranse na canle de YouTube do CIM e tamén se realizará unha campaña de difusión por redes sociais co hashtag #InvestigaCIM.

A participación no concurso implica a aceptación do uso do vídeo para esta campaña.



CONCURSO MARIE THARP 2023

Bases do concurso

